



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data 12 de xullo de 2006 adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común do monte denominado Cotolongo e Chanderrendeiros, tramitado a solicitude dos veciños de Couceiro, resultan os seguintes:

FEITOS:

Primeiro.- Con data 5 de xullo de 2000 tivo entrada no rexistro da delegación provincial da consellería de Medio Ambiente escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de varios veciños do lugar de Couceiro, Concello de Padrenda, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños do indicado lugar.

Segundo.- Con data 29 de novembro de 2000 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal e man común do referido monte, designando instructor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións ás que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.- No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentara ningunha.

Cuarto.- O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación obrante no expediente, descríbese así:

Concello: Padrenda (Ourense)

Denominación do monte: Cotolongo: integrado polas parcelas I, II e III; e Chanderrendeiros.

Comunidade propietaria: Veciños do lugar de Couceiro.

Superficie total: 3,77 has. aproximadamente.

Monte denominado: monte Cotolongo integrado polas parcelas Cotolongo I, Cotolongo II e Cotolongo III.

Superficie total: 3,26 has. aproximadamente.

Cotolongo I:

Superficie 1,60 has. aproximadamente.

Estremas:

Norte: monte Bandexa, propiedade da comunidade veciñal de Padrenda.

Sur: Manuel Rodríguez Álvarez (predio nº 324)

Leste: Carmen Vázquez Rivera (predio nº 325), Manuel Estevez Pérez (predio nº 327 e 337), Juan Gómez Fernández (predio nº 328), Carmen Álvarez Estévez (predio nº 329), Manuel Vázquez Gómez (predio nº 338), herdeiros de Manuel Rodríguez González (predio nº 340), e Eloy Otero Gutiérrez (predio nº 363).

Oeste: estrada de Frieira a Bande.

Cotolongo II:

Superficie: 1 ha. aproximadamente.

Estremas:

Norte: monte Bandexa propiedade da comunidade veciñal de Padrenda.

Sur: estrada que une a estrada de Frieira a Bande co lugar de Couceiro.

Leste: estrada de Frieira a Bande.

Oeste: Marcial Fernández Valeije (predio nº 517), María González Domínguez (predio nº 516), Eduardo Rodríguez González (predio nº 515), Antonio Domínguez Rodríguez (predio nº 514).

Cotolongo III:

Superficie: 0,66 ha. aproximadamente.

Estremas:

Norte: estrada que une a estrada de Frieira a Bande co lugar de Couceiro.

Sur: Carmen Vázquez Rivera (predio nº 497).

Leste: estrada que une a estrada de Frieira a Bande co lugar de Couceiro.

Oeste: Rosa Rodríguez Rodríguez (predio nº 167), Eduardo Rodríguez González (predio nº 496).

Monte denominado : Chanderrendeiros:

Superficie: 0,51 ha. aproximadamente.

Estremas:

Norte: camiño veciñal.

Sur: Ramiro Otero Vázquez (predio nº 197) e camiño veciñal.

Leste: José Vázquez Meleiro (predio nº 190), José Vázquez Álvarez (predio nº 101) Carmen Vázquez Rivera (predio nº 187), Adolfo Otero Domínguez (predio nº 186), Marcial Fernández Valeije (predio nº 172), Carmen Carpintero (predio nº 159).

Oeste: camiño veciñal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita Lei “son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.

Terceiro.- É reiterada doutrina da sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento ós veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.



Cuarto.- O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería do medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Primeiro: Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños do lugar de Couceiro, no concello de Padrenda, o monte Cotolongo e Chanderrendeiros coa descrición refectida no feito cuarto.

Segundo: Que, en cumprimento do disposto no art. 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989 (citado) a presente resolución se notifique ós interesados no expediente e se publique no diario oficial de Galicia facendo constar que pode ser obxecto de recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.



Podrinda (2050_156)

